


# Boqueixón iniciará este mes as obras de mellora da contorna do Pico Sacro

O Concello de Boqueixón dará comezo neste mes de novembro ás obras de posta en valor da contorna do Pico Sacro, incluídas dentro do proxecto que levou o Premio Galicia Parabéns. Trátase de tres actuacións, cuxo orzamento supera os 250.000 euros.

Estas son a integración no entorno do depósito de auga localizado no cumio no Pico Sacro, as melloras no Centro de Interpretación e a habilitación dun sendeiro dende o cruce da pista de subida ao Pico ata o cruce coa travesía de Milleirós. Neste último caso, o obxectivo é garantir a seguridade viaria, ao tempo que se facilitará un acceso a este enclave, complementando o seu atractivo.

Tamén neste mes darán comezo as obras de habilitación do centro socio-comunitario de Sergude, virtude dun convenio de colaboración co Consorcio



As actuacións do Premio Galicia Parabéns contemplan a habilitación dun sendeiro dende o Pico Sacro ata Cachosenande

Galego de Servizos Sociais. Uns traballos que supoñen unha inversión de preto de 172.000 euros.

### Arranxos en viais

No tocante a infraestruturas viarias, o Concello de Boqueixón iniciará a remodelación da área comprendida entre a Igrexa e o cruce coa rúa Manuel Gacio,

en Lestedo, por un importe de case 41.000 €. Esta actuación, que se desenvolve a través dunha subvención da Consellería de Presidencia, comprenderá a aplicación dunha capa de aglomerado, dun sendeiro de seguridade e dunha zona de aparcamento na Rúa Hixinio Ansemil.

Por outra banda, conti-

nuarase co plan de mellora de camiños municipais co arranxo da pista que vai dende o lugar de Mareque á estrada AC-960 e do vial que une o campo de fútbol de Lestedo coa estrada vella de Milleirós. Ambos proxectos, que contan con axudas da Consellería do Medio Rural, supoñen unha inversión de case 40.000 €.

## Inversión de case 100.000 € para unha senda peonil en Lamas

O lugar de Lamas contará cunha senda peonil que mellorará a seguridade vial da veciñanza. Esta actuación, por valor de preto de 100.000 euros, é posible grazas a un convenio de colaboración asinado coa Deputación da Coruña.

O organismo provincial

aportará total de 77.257 euros co que se financiará o 80% do proxecto de construción desta senda peonil, mentras que o 20% restante será aportado polo Concello.

A futura senda peonil de Lamas estará dividida en sete tramos, cunha lon-

xitude total de 621 metros. O proxecto tamén contempla os traballos de canalización de tubaxes, coa execución de 15 arquetas con sumidoiro e 21 metros de canal con rexa para a recollida de augas pluviais, así como as canalizacións para o alumeado.

O alcalde do Concello de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, valora moi positivamente a execución deste proxecto, xa que "mellorará a calidade de vida da veciñanza, porque se trata dunha vía moi transitada tanto por peóns coma por vehículos".

# Constituída a súa Mesa Local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, presidiu a constitución da Mesa Local de coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xénero. Unha iniciativa encadrada dentro do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Boqueixón (2018-2022) e que tamén inclúe a Touro e Vedra, xa que están integrados no Centro de Información á Muller (CIM) boqueixanés.

“Con este organismo pretendemos optimizar o servizo de atención ás vítimas de violencia de xénero, ademais de coordinar tipo de iniciativas entre os Concellos de Boqueixón, Touro e Vedra de cara a sensibilizar a poboación sobre a importancia de loitar contra esta lacra social. Un traballo complexo, pero co que queremos aportar o noso gran de area para acadar unha sociedade



O alcalde e Susana López Abella presidiron a constitución da Mesa Local

máis igualitaria”, asegurou o alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Munín.

Nesta sesión tamén participaron a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, a Xefa da unidade contra a violencia sobra a Muller da Delegación do Goberno na Coruña, Enmanuela Díaz Castro-Rial, e a concelleira boqueixanesa de Servizos Sociais e Igualdade, Ana María Seijo, ademais de distintos representantes

da Educación, Seguridade Cidadá e Sanidade.

Ademais da propia constitución da Mesa, tamén se estableceron os principais obxectivos deste organismo: ofrecer unha resposta áxil e unha atención axeitada ás vítimas de Violencia de Xénero, mellorar a protección das vítimas; optimizar a coordinación entre os axentes sociais ou desenvolver campañas de información e sensibilización, entre outros.

Servizos Sociais inicia un novo curso de envellecemento activo para maiores

O Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boqueixón iniciará este mes un novo curso de Envellecemento Activo. Este programa está dirixido a persoas maiores sen deterioro cognitivo.

O principal obxectivo é promover o envellecemento cognitivo saudable e prever o deterioro propio da idade. Durante as sesións, que se desenvolverán unha vez por semana, trataranse estes bloques temáticos: envellecemento saudable, orientación, atención e memoria, percepción, afectividade, comunicación e linguaxe, entre outros.

As temáticas a tratar centraranse no envellecemento saudable, orientación e atención, afectividade, memoria e percepción, comunicación e linguaxe. O custo da actividade é de oito euros por mes e persoa.

## Presentan o programa CoidarNos na Escola de Traballo Social da USC

O programa CoidarNos foi presentado ao alumnado de 3º curso da Escola Universitaria de Traballo Social da USC. A psicóloga e a traballadora social de Boqueixón visitaron as aulas para dar a coñecer este recurso de apoio que comezou en maio de 2016.

As dúas profesionais estiveron ademais acompañadas por 4 das persoas coidadoras que conforman esta actividade. O seu testemuño permitiu facer visible a realidade das persoas coidadoras e a valoración da súa participación no programa.



Persoal do programa CoidarNos co alumnado da Escola de Traballo Social da USC

**Edita:** Concello de Boqueixón. Forte, s/n.  
15881 Boqueixón.

**Web:** [www.boqueixon.es/com](http://www.boqueixon.es/com)

**Correo electrónico:** [concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com)

**Redacción e maquetación:** Nós Comunicación

**Distribución gratuíta**

**Oficinas xerais:** 981 51 30 61

**Educación e Cultura:** 981 51 31 15

**Servizos Sociais / CIM:** 981 51 31 06

# Vinte mozas e mozos de Boqueixón e Vedra completan o programa de voluntariado xuvenil

O Concello de Boqueixón vén de concluír o programa do voluntariado xuvenil *Val do Ulla*, que se organizou de xeito conxunto con Vedra. Foron vinte os mozos e mozas de entre 16 e 30 os participantes na iniciativa.

A mocidade participante puido escoller entre cinco grandes temáticas, centrándose en tres delas. A primeira comprendeu a atención aos pelegríns e turistas que transitaban pola Vía da Prata ao seu paso polos municipios de Boqueixón e Vedra. Deste xeito, as persoas voluntarias desenvolveron, entre xuño e outubro, tarefas de acollemento e de información aos visitantes tanto no Pico Sacro coma na oficina de turismo na Ponte Ulla.

A segunda liña do plan de voluntariado comprendeu accións deportivas,

nas que as mozas e mozos participantes promoverán o fomento de diferentes valores dentro do deporte. Para iso, colaboraron entre os meses de xaneiro e outubro nas actividades deportivas promovidas por ambos os dous Concellos ao longo do ano.

O terceiro eixo de acción xuvenil, e o que rexistrou meirande número de participantes, centrouse na posta en marcha de accións de animación e desenvolvemento comunitario. Máis concretamente, participarán moi activamente nos diversos plans de conciliación estivais, ademais de colaborar no desenvolvemento de propostas específicas de lectura. Entre eles, cómpre salientar a colaboración prestada polas voluntarias e voluntarios no Verán Activo, unha proposta de



Mozos e mozas de Boqueixón participantes no programa de voluntariado



O programa tamén inclúe unha formación continua para a mocidade

lecer que se desenvolve durante os meses do verán.

Ademais, participantes neste programa tamén se implicaron no desenvolvemento do campo de traballo internacional que se desenvolveu no municipio de Boqueixón en agosto.

Este programa de voluntariado xuvenil tamén ofre-

ceu ás mozas e mozos participantes diversas sesións formativas. Estas desenvolveronse antes, durante e despois do desenvolvemento do plan.

Dada a súa boa acollida, o programa de voluntariado xuvenil *Val do Ulla* posarase en marcha de novo no próximo ano 2019.



## Veciñanza boqueixanesa, no País Vasco

Veciños e veciñas de Boqueixón participaron nunha completa viaxe de tres días ao País Vasco. A iniciativa de lecer, que se desenvolveu co Concello de Vedra, levounos a visitar Laredo, San Sebastián e Bilbao.



## Xornada de vendima na EIM Raíña Lupa

A EIM Raíña Lupa de Boqueixón celebrou unha xornada de vendima. O alumnado aprendeu como recoller os racimos da parra e tamén probaron a esmagar as uvas pisándoas cos pés, como se facía tradicionalmente.

O Concello pon en marcha o servizo de conciliación 'Madrugadores'

O Concello de Boqueixón puxo en marcha en outubro o novo servizo de conciliación familiar e laboral *Madrugadores*. Este programa está dirixido a escolares de Educación Infantil e Primaria, aos que se lles ofrecerá este servizo, entre as 08.30 e as 10.00 horas, segundo a demanda existente, coa posibilidade de solicitar días soltos.

As actividades desenvolveranse nas instalacións do CPIP Antonio Orza Couto. Aquelas familias interesadas en beneficiarse deste servizo, poden poñerse en contacto co Departamento de Educación e Cultura (981 513 115 // cultura@boqueixon.com).

## O Ciclo de Teatro de Outono enche o mes de artes escénicas

O Concello de Boqueixón encherase este mes de artes escénicas co Ciclo de Teatro de Outono, que comezou co Grupo de Teatro de Maiores de Boqueixón coa obra *Urxencias*. As sesións desenvolveranse os domingos ás 18.00 horas na Casa da Cultura de Camporrapado. A entrada é de balde.

Así, o día 4 de novembro actuará o Grupo de Teatro Licor Café (Cabanas) que representará *Dous ligue para unha noite*, mentras o domingo 11 será a quenda de Teatro da SCR A Pombiña (Narón), con *Reinserción*. Pola súa banda,

o Grupo municipal de Teatro de Ribeira representará *Cousas de Castela* o día 18.

O ciclo finalizará o 25 de novembro coa representación do *Contos de zapatilla*, do Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.



Campaña veciñal do CIM boqueixanés polo Día contra a Violencia de Xénero

O CIM de Boqueixón porá en marcha durante este mes de novembro unha campaña de sensibilización para conmemorar o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25N). Esta iniciativa, baixo o lema *As mans para loitar, non para ferir, a fala para acariñar, non para anular*, convida á veciñanza a remitir unha fotografía sostendo unha man violeta que simboliza o apoio a esta campaña.

Ditas mans poderanse retirar nas oficinas do propio CIM ou descargarlas na web e recortalas. As fotografías deberanse remitir ao enderezo electrónico cim@boqueixon.es. Con todas elas, realizarase un gran mural.

### AXENDA DO MES DE NOVEMBRO

Domingo  
4

#### Ciclo Teatro Outono

Casa da Cultura de Camporrapado

18.00 horas

Entrada de balde

O Grupo de teatro Licor Café presenta 'Dous ligue para unha noite'.

Domingo  
11

#### Ciclo Teatro Outono

Casa da Cultura de Camporrapado

18.00 horas

Entrada de balde

Teatro da SCR A Pombiña (Narón) porá en escena a súa obra 'Reinserción'.

Domingo  
18

#### Ciclo Teatro Outono

Casa da Cultura de Camporrapado

18.00 horas

Entrada de balde

O Grupo municipal de Teatro de Ribeira presenta 'Cousas de Castela'.

Domingo  
25

#### Ciclo Teatro Outono

C. C. Camporrapado

18.00 horas

Entrada de balde

O grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra ofrecerá 'Contos de zapatilla'.

Venres  
30

#### VII Ruta de Tapas 'Que rico estás Boqueixón'

O Imprevisto, A Barreira, Casa Castro, Vente Vindo, O Vikingo e Vía da Prata  
12.00-15.00/20.00-22.30 h  
Prezo tapa: 2 €

*e en decembro...*

1, 2, 7,  
8 e 9

#### VII Ruta de Tapas 'Que rico estás Boqueixón'

O Imprevisto, A Barreira, Casa Castro, Vente Vindo, O Vikingo e Vía da Prata  
12.00-15.00/20.00-22.30 h  
Prezo tapa: 2 €

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061  
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115  
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
boqueixonturismo@gmail.com